


# RUBÉN PÉREZ POMBO

## Frío: somos inuits?

Mar e Mediterráneo. Somos fillas. Calamos.  
Miramos. Somos estatísticas. Permitimos  
que as nosas nais morran no Mediterráneo.  
A quen lle interesa esta ruleta? Somos  
números 1, 2, 3... Somos marxinación...  
Subimos e volvemos caer. Infinitamente  
tráxicos. Conxelados. Afogados. Somos frío.  
Somos Inuits?

Museo Fortaleza San Paio de Narla



**EU... TI...  
ELAS...  
NOSOUTRAS  
NOSOUTRXS  
EN REDE**



EU estou TI estás ELAS están NOSOUTRAS estamos  
NÓS+OUTRXS estamxs EN REDE para conquistar, na  
diversidade, a plena igualdade. Estamxs, somxs, facemxs,  
existimxs... As formas verbais non expresan xéneros.

Os museos da Rede Museística da Deputación de Lugo  
reclaman a vosa atención para con esta ducia de proxectos,  
dispareas na forma, unívocos no fondo, solidarios coa  
desigualdade. Voces, xestos, memorias e imaxes que  
pretender provocar reflexións e chamadas de atención sobre o  
EU subordinado. Olló! Un EU que podes ser TI, ELAS,  
NOSOUTRAS, NÓS+OUTRXS.

**Comisariado: Encarna Lago e Antonio Reigosa**

---

Frío: somos inuits? é unha instalación con vídeo arte baseada na marxinación de milleiros de mulleres que tiveron que cruzar mares e océanos na procura dunha vida mellor. Arredor deste fenómeno a sociedade non responde, quedamos fríos coma os inuits que, por outra parte, tamén sufren a marxinación nunha especie de círculo concéntrico que nos leva a coñecer o funcionamento escuro desta sociedade (Nós marxinamos e marxínannos). A balsa é o fogar do emigrante, a nosa cama, o noso soño que en ocasións remata en pesadelo. Cómpre dicir que as imaxes foron gravadas en Málaga baixo un forte temporal con alerta vermella no mar. Na praia, ao fondo, viamos un *ferri* de luxo.

---



---

**Contacto**  
@ruperpob  
rubenperezpombo@hotmail.com

---